PARLAMENTO
DE GALICIA

INFORME TÉCNICO SOBRE AS PROPOSICIÓNS DOS SOBRES "B" DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA SEGURIDADE, VIXILANCIA E CONTROL INTEGRAL DO RECINTO E DAS INSTALACIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

1.- OBXETO

Con data de 2 de agosto de 2016 ten lugar o Acordo da Mesa do Parlamento pola que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, de servizos para a xestión da seguridade, vixilancia e control integral do recinto e das instalacións do Parlamento de Galicia.

Neste informe procédese á avaliación da oferta presentada pola empresa concorrente con relación á documentación do sobre B "Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor".

2.- DOCUMENTACIÓN ESIXIDA

A establecida na cláusula sexta, documentación e contido, no seu subapartado B) "*Sobre B, documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor*", do prego de cláusulas administrativas particulares para dita contratación administrativa, publicado no BOPG 689, de 11 de agosto de 2016.

3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a avaliación das proposicións presentadas teranse en conta os criterios recollidos na cláusula décima do prego "*Criterios para a valoración das proposicións*" e que figuran recollidos no punto 16 do "*cadro de especificacións do contrato*", e que son os seguintes:

Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor (ata 49 puntos): Se avaliará o valor técnico da ofertas de acordo cos seguintes aspectos:

a) Memoria da prestación do servizo en materia de control e seguridade: Plan de traballo e metodoloxías aplicable nos días laborables, en horario nocturno, fins de semana e festivos, incluíndo a metodoloxía e execución das roldas e o seu equipamento. Valoraranse aspectos coma frecuencias e turnos que efectuará o persoal, detalle de horarios e cronograma de traballo, esquema de rutina da prestación, número de efectivos e das súas responsabilidades en cada posto, detalle sobre os procedementos operativos, de protección preventiva, de emerxencia. Ata 20 puntos, repartidos do seguinte modo:

a.1.-valorarase a proposta de plan de traballo e metodoloxías establecidas aplicable nos días laborables. (de 0 a 8 puntos).

a.2.- proposta plan de traballo e metodoloxía aplicable en horario nocturno, fins de semana e festivos (de 0 a 8 puntos)

a.3.- proposta de execución das roldas de vixilancia nocturna e do seu equipamento no edificio (de 0 a 4 puntos).

b) Descrición do manexo dos medios materiais existentes e da súa asistencia técnica para a vixilancia e control de seguridade do edificio. Terase en conta a relación do material que se dispón e daqueles medios ou materiais auxiliares que se proporcionarán, as súas fichas técnicas, da operativa de manexo e bo uso, asistencia técnica e protocolos no uso, control, e mantemento coa que conten os equipamentos. Ata 15 puntos, do seguinte modo:

b.1.-valorase a proposta de como son empregados ou manexados os equipos e materiais existentes (de 0 a 7 puntos).

b.2.- valorarase a proposta de asistencia técnica ofertada no manexo destes equipamentos (de 0 a 8 puntos).

c) Plan de seguimento, control e avaliación continuada da calidade do servizo, incluíndo programa de formación específica relacionada co persoal, e das medidas en relación a controis de calidade, seguranza e confidencialidade previstas. Terase en conta o detalle de procedementos e /ou protocolos de control de riscos, da súa clasificación, e actuación e accións correctivas, os medios organizativos e operativa coa que se realizará a avaliación de calidade, o planning de inspección do servizo, detalle das fases de control e avaliación durante a duración do contrato, do contido e idoneidade do programa de formación. Ata 10 puntos, do seguinte modo:

(Ata 10 puntos), do seguinte modo:

c.1.- Proposta de plan de seguimento, control e avaliación continuada do servizo (de 0-4 puntos).

c.2.- Proposta de programa de formación específica relacionada co persoal (de 0-4 puntos).

c.3.- Proposta das medidas en relación a controis de calidade, seguranza e confidencialidade (de 0 a 2 puntos).

d) Descrición de medidas ambientais na xestión e manexo de equipos que poidan ter que ver coa seguridade e vixilancia (exposicións a radiacións escáner, plan de vixilancia ambiental e aprobación de manuais de xestión e calidade ambiental en relación as tarefas que son motivo da prestación).: Ata 4 puntos. Un punto por cada proposta que sexa considerada avaliable.

Para a distribución dos puntos estableceranse, para cada un dos apartados anteriores, tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:

PARLAMENTO
DE GALICIA

valor técnico da oferta sometido a avaliación de xuízos de valor establécense de 0 a 49 puntos									
Criterio / grado	a.1 8 pts	a 2 8 pts	a 3 4 pts	b 1 7 pts	b 2 8 pts	c 1 4 pts	c.2 4 pts	c 3 2 pts	D 4 puntos
Alto	6-8	6-8	3-4	5-7	6-8	3-4	3-4	2	1 punto por cada proposta avaliable. --
Medio	3-5	3-5	2	3-4	3-5	2	2	1	
Baixo	0-2	0-2	0-1	0-2	0-2	0-1	0-1	0	

4.- VALORACIÓN PROPOSTAS PRESENTADAS

4.1 Ofertas presentadas

As empresas con proposicións nesta fase do procedemento son:

- EULEN SEGURIDAD S.A (núm.rexi: 52363)
- GRUPO R.M.D.SEGURIDAD S.L (núm.rexi: 52372)

4.2 Determinación de puntos das dúas propostas:

Preséntase no anexo o cadro coa descrición das propostas, a súa valoración técnica comparada, e respectiva puntuación das ofertas por apartados.

4.3 Puntos asignados a cada unha das ofertas:

Conforme aos criterios de adxudicación e vistas as propostas e a súa valoración técnica a puntuación total acadada polas dúas ofertas é a seguinte:

- EULEN SEGURIDAD, S.A : **28 puntos.**
- GRUPO RMD SEGURIDAD,S.L **21 puntos.**

En Santiago de Compostela, a 14 de novembro de 2016

Martín Nercellas Méndez
Técnico do Servizo de Persoal
e Réxime Interior

Visto e prace

F. Javier Freire González
Xefe do Servizo de Persoal
e Réxime Interior

PARLAMENTO DE GALICIA
SERVIZO DE PERSO
E RÉXIME INTE

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO I
Valoración comparativa das ofertas.

Tipo proposta ofertada Reparto de puntos: ata 49		EMPRESA GRUPO RMD SEGURIDAD,S.L	
		Descrición	**Puntos**
A) Memoria da prestación do servizo en materia de control e seguridade: **ATA 20 PUNTOS**	**A1** Proposta Plan de Traballo e Metodoloxías establecidas aplicables nos días laborables **De 0 a 8 puntos**	Presenta un organigrama de coordinación do equipo de seguridade, e da súa coordinación coas FFSS destacadas para esta institución. Presenta unha enumeración das accións previstas aplicables aos días laborables, cunha breve descrición das mesmas. Detalla o modo de realizar os informes de servizo, dos informes diarios, do control de chaves, do libro de incidencias. Detalla os procedementos de actuación en caso de emerxencia, de incendio, inundación/explosións, de ameaza de bombas, de atentado, de evacuación do edificio, de roubos, de accidentes dunha persoa, de fugas de gas. Menciona a relación do número total de efectivos que prestarán o servizo descrito.Contará con cinco vixiantes de seguridade para cubrir os horarios do control de accesos ao edificio, en horario de 00:00 a 24:00 horas. E 2 vixiantes para o control do aparcamento ao edificio en horario de 8:00 a 20:00 horas. No apartado de frecuencia de turnos de traballo presenta un cuadrante horario de turnos. Presenta os tempos de resposta en caso de eventualidades e emerxencias (inferior a 50 minutos), así coma o tempo previsto para cubrir baixa de vixiantes (inferior a 50	8

		minutos). No seu conxunto a proposta considerase alta outorgándoselle 8 puntos.	
	A2 Proposta Plan de Traballo e Metodoloxías establecidas aplicables en horario nocturno, fins de semana e festivos. **De 0 a 8 puntos**	Presenta unha enumeración das accións previstas aplicables fóra dos días laborables, cunha breve descrición das mesmas. Pero concreta pouco como serán os procedementos e aplicación dos mesmos. Neste sentido a proposta considerase media, outorgándoselle 3 puntos A distribución horaria así coma as metodoloxías de traballo son as que se relacionan no apartado anterior.	3
	A3 Proposta de execución de roldas de vixilancia nocturna e do seu equipamento no edificio **De 0 a 4 puntos**	Detalla xenericamente como se efectuarán as rondas técnicas de seguridade, emprazando a presentarlle ao responsable de seguridade un protocolo para a súa realización. Non se especifica o cada canto terán lugar as rondas. Presenta a modo de exemplo unha posible localización dos puntos onde se fixaran os lugares de control para cada planta.No apartado de medios presenta a ficha técnica do lector que se empregara. A proposta considerase baixa.	2
		TOTAL	**13**

B) Descrición de manexo de medios materiais existentes e da súa asistencia técnica para a vixilancia e control de seguridade. **ATA 15 PUNTOS**	**B1** Proposta de como son manexados os equipos e materiais existentes. **De 0 a 7 puntos**	A proposta que se presenta considerase escasa limitándose a facer unha enumeración dos medios propiedade do Parlamento de Galicia e os que disporá a empresa (teléfonos, comunicadores, lector rondas, linternas). Non achega detalle sobre como se efectuará o manexo dos equipos. A proposta limítase a recoller o básico establecido no PPT. Este apartado considerase baixo, outorgándoselle 0 puntos.	0
	B2 Proposta de asistencia técnica no manexo dos equipamentos. **De 0 a 7 puntos.**	Presenta unha descrición xenérica e breve do tipo de asistencia técnica e protocolos de bo uso do material, aportando escasa información. Este apartado considerase baixo, outorgándoselle 0 puntos.	0
		TOTAL	***0***
C) Plan de seguimento, control e avaliación continuada da calidade	C1 Proposta de plan de seguimento. **De 0 a 4 puntos.**	Detalla como se efectuarán as inspeccións de control e seguimento de servizo, con cinco inspeccións ao mes de luns a venres, dúas inspeccións os sábados. Especifica os postos que realizaran o seguimento, o xefe de vixianza, o inspector, e cales son as uncións do supervisor. Aporta plantillas de modelo do procedemento das inspeccións. Este apartado considerase completo e alto, outorgándoselle 4 puntos.	4

do servizo. **ATA 10 PUNTOS**	C2 Proposta de programa de formación específica do persoal. **De 0 a 4 puntos.**	Presenta unha proposta de formación específica , e cos centros de colaboración certificados responsables de impartilos. Establece un programa xenérico de formación específica para o persoal, sen detallar os concretos cursos a impartir. Presenta un programa específico para vixiantes de seguridade adecuados ao persoal do Parlamento de Galicia, con 6 cursos prediseñados, e detalle de cada un deles (operador de scanner, contención verbal,loita contra incendios, seguridade privada e vídeo vixianza, seguridade en espazos confinados, manexo de desfibrilador) sen especificar número de horas. Este apartado considerase baixo, outorgándoselle 1 punto.	1
	C3 Proposta das medidas en relación a controis de calidade , seguranza e confidencialidade. **De 0 a 2 puntos.**	Presenta unha proposta de medidas en relación de control de calidade e confidencialidade, manifestando o seu compromiso de acordo de confidencialidade e deber de secreto, e un clausulado das normas que se compromete a cumprir neste eido. Presenta un código ético do Persoal de Seguridade. Neste apartado considerase completo e alto, outorgándoselle 2 puntos.	2
		TOTAL	**7**
D) Descrición de medidas ambientais		Describe de maneira xenérica as medidas ambientais a ter en consideración fronte as radiacións procedentes do scanner, cunha enumeración das medidas operacionais no manexo do escáner. Non aporta moita información ao respecto. Presenta unhas normas xenéricas de comportamento fronte as radiacións ionizantes sen concretar.Presenta un apartado sen concretar sobre medidas ambientais. No seu conxunto a proposta é baixa, outorgándoselle 1 punto polas medidas	1

na xestión e manexo de equipos que poidan ter que ver coa seguridade e vixilancia. **ATA 4 PUNTOS**		establecidas polo scanner e arco.	
		TOTAL	**21**

PARLAMENTO DE GALICIA

Tipo proposta ofertada Reparto de puntos: ata 49		EMPRESA GRUPO EULEN SEGURIDAD	
		Descrición	**Puntos**
A) Memoria da prestación do servizo en materia de control e seguridade: **ATA 20 PUNTOS**	**A1** Proposta Plan de Traballo e Metodoloxías establecidas aplicables nos días laborables **De 0 a 8 puntos**	Presenta unha detallada relación sobre como realizará a coordinación e control dos medios humanos á disposición da execución do servizo, detallando as características e misión de cada un dos traballadores. Detalla as responsabilidades de todo o persoal, dende as funcións do inspector de servizo, do xestor, e do xerente, así como da disposición de técnicos de sistemas electrónicos. Especifica a persoa responsable en facer a coordinación destas tarefas, incluíndo unha valoración económica do seu custe. Presenta as características da recollida de información de como se realiza o servizo diariamente e de incidencias con modelo de informe. Tamén sobre o control de visitas, control de chaves, libro de novidades, inspeccións de servizos. Presenta un Plan de traballo especificando a frecuencia/turnos de cada posto por días e o seu horario. Inclúe manual de ordes de posto no que se definen os procedementos (operativos, protección, preventivos, emerxencia e contra incendios). Especifica as ordes por posto para o control de accesos do persoal, de visitas, do persoal de contratas, provedores. Tamén sobre os vehículos do parking subterráneo e previsión no apoio do exterior. Acompaña ficha de procedementos para cada unha das accións (rutinas do servizo, comunicacións escritas, incidencias, comunicacións radiotelefónicas, organización do servizo).Inclúe modo de desempeñar as actuacións fronte a riscos xerais (ordes de limpeza, sabotaxes e danos, incendios e explosións, accidentes, emerxencias, prevención e extinción, intrusións, ameazas telefónicas, paquetes sospeitosos, fugas e derrames, colaboracións coas forzas de seguridade). No seu conxunto a proposta considerase alta outorgándoselle 8 puntos.	8

	A2 Proposta Plan de Traballo e Metodoloxías establecidas aplicables en horario nocturno, fins de semana e festivos. **De 0 a 8 puntos**	Presenta cadro sobre a frecuencia/turno para o posto de área de portería e resto do edificio e do aparcamento para os sábados domingos e festivos, e no horario nocturno.Inclúe un calculo xeral das horas do ano do servizo. As normas específicas do servizo para este turno descríbense conxuntamente co resto dentro do manual de traballo. Pero concreta pouco como serán os procedementos e aplicación dos mesmos para estes horarios. Neste sentido a proposta considerase media, outorgándoselle 3 puntos	3
	A3 Proposta de execución de roldas de vixilancia nocturna e do seu equipamento no edificio **De 0 a 4 puntos**	Presenta un plan de roldas mediante o sistema "Vigilant" e o "rexistro de roldas de vixianza". Describe a operativa que se realizará nos horarios comprendidos entre as 20:00 ás 06:00 horas en fin de semana e días festivos. Nos días laborables o vixiante de turno de tarde realizará a primeira rolda de comprobación e peche de instalacións. Enumera as situacións ou elementos que serán motivo de verificación. A proposta está ben detallada e completa e considérase alta.	4
		TOTAL	**15**
B)	**B1**	Acompaña unha breve relación de fichas técnicas dos materiais postos a disposición (	

Descrición de manexo de medios materiais existentes e da súa asistencia técnica para a vixilancia e control de seguridade. **ATA 15 PUNTOS**	Proposta de como son manexados os equipos e materiais existentes. **De 0 a 7 puntos**	lanterna halóxenas, smartphone, mantas ignífugas, kit antipintadas, detector de manuais de metais, cámara fotos, traxe de augas, chalecos reflectantes, botiquíns, cinta balizamento, conos de sinalización, radio teléfono, emisora base gm360, trolley con espello para baixos, e foco orientable). Ofrece información moi básica sobre como manexará os equipos de sistemas CCTV. Detalla procedemento uso scanner. A proposta considerase de detalle medio, polo que se lle outorgan 3 puntos.	3
	B2 Proposta de asistencia técnica no manexo dos equipamentos. **De 0 a 7 puntos.**	Enumera unha relación xenérica do equipo técnico e da súa estrutura ao servizo da prestación sen aportar moito máis. Neste sentido a proposta considérase baixa, polo que non se lle outorgan puntos.	0
		TOTAL	**3**
C) Plan de seguimento, control e avaliación continuada da calidade do servizo,	**C1** Proposta de plan de seguimento. **De 0 a 4 puntos.**	Presenta un Plan de Vixianza e seguridade do sistema de traballo, detallando os procedementos aplicables á planificación do servizo, o inicio, posta en marcha e o seu desenvolvemento, incluíndo accións de prevención de riscos laborais. Inclúe a execución dun plan de inspeccións e do seu alcance temporal, e o modelo de como se efectuarán. Detalla un procedemento de reunións operativas do tipo semanal, mensual, trimestral, semestrais ordinarias e ocasionais.Xunto co deseño de como se establecerán medidas correctoras ante as desviacións. Neste apartado a proposta é completa e ben detallada considerándose alta, polo que se	4

ATA 10 PUNTOS		lle outorgan 4 puntos.	
	C2 Proposta de programa de formación específica do persoal. **De 0 a 4 puntos.**	Presenta unha proposta de formación e reciclaxe do persoal operativo, cun plan de formación permanente. Inclúe previsión de programación específica para o persoal do Parlamento cunha duración de 20 horas para tratar normativa de referencia, consideracións do traballo de seguridade, procedementos operativos, supervisión da seguridade, control de accesos de persoas e/ou vehículos, recoñecemento de vehículos, patrulla e vixianza, inspección de persoas, de cartería e paquetería, de inspección de equipos, rexistro de instalacións, planificación de tarefas, de emerxencias e continxencias, resposta a actos de interferencia ilícita, e actividades de peche. Dentro do desenvolvemento ordinario inclúe dous tipos de accións formativas: conferencias e xornadas formativas, celebrándose 3 anuais. Cursos de seguridade para o Parlamento de Galicia, enumerando as materias obxecto da formación, pero sen especificar nin número nin horas. Neste sentido a proposta considerase de nivel medio outorgándoselle 2 puntos.	2
	C3 Proposta das medidas en relación a controis de calidade , seguranza e confidencialidade. **De 0 a 2 puntos.**	Detalla como garante a calidade do servizo de seguridade que prestará, incluíndo un esquema das interaccións dos procedemento, e como se controlan dende o seu centro tódalas actividades e recursos. Inclúese operativa sobre a prevención de riscos laborais. Detalla o esquema do reporte do servizo e de como se revisa e mellora continuamente a prestación e a relación entre empresa e cliente e o papel que lle corresponderá ao xerente, xestor e inspector do servizo. Non ofrece información sobre o protocolo de confidencialidade oero acompaña unhas normas deontolóxicas aplicables polo seu persoal. A proposta considérase media polo que se lle outorga 1 punto.	1

		TOTAL	**7**
D) Descrición de medidas ambientais na xestión e manexo de equipos que poidan ter que ver coa seguridade e vixilancia. **ATA 4 PUNTOS**		Presenta unha proposta de xestión ambiental que inclúe a integración de tódalas súas actividades a un sistema de xestión ambiental e a un plan de vixianza ambiental introducindo medidas de control operacional de aspectos ambientais no consumo de recursos naturais e na xestión dos residuos, en especial os perigosos, que puideran xerar. Por esta proposta outórgaselle 1 punto. Detalla un plan de minimización de residuos, e de residuos perigosos, que será motivo de control dentro da prestación (control de minimización e de destino e recollida de tóner e cartuchos, baterías, pilas, equipos electrónicos que empreguen, do papel e cartón que xeren). Por esta proposta outórgaselle 1 punto. Inclúe unha proposta de actuación referente ao mantemento do escanner. Por esta proposta outórgaselle 1 punto.	3
		TOTAL	**28**